



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Prácticas Externas		Código	615545012
Titulación	Máster Universitario en Métodos Avanzados de Investigación e Innovación na Análise Social			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Gomez Rodriguez, Sergio	Correo electrónico	sgomez@udc.es	
Profesorado	Gomez Rodriguez, Sergio	Correo electrónico	sgomez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	As prácticas externas son unha parte fundamental da formación do estudiantado que curse este Máster, ao permitirlle achegarse á realidade laboral e aplicar de forma práctica o aprendido durante os cursos. As prácticas poderanse desenvolver en institucións públicas, empresas ou entidades non lucrativas, tanto por iniciativa propia (propondo o sitio), como elixindo o conxunto de convenios asociados ao Máster e á UDC. Farase un seguimento obrigatorio destas por parte dun/a titor/a académico e un/a titor/a profesional.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A9	C9. Coñecer o funcionamento de empresas e institucións que realizan investigación e análise da realidade social, política e económica.
A10	C10. Adquirir coñecementos avanzados sobre os aspectos teóricos e prácticos dos retos das sociedades actuais a través dos procesos de investigación e análise social.
A13	H3 Desenvolver unha investigación aplicada con fins de intervención relacionada con algún reto complexo da sociedade.
A14	H4 Transmitir os resultados dunha investigación básica e aplicada, así como os fundamentos máis relevantes sobre os que se sustentan, de modo claro e sen ambigüidades atendendo á diversidade de contextos, públicos e necesidades, usando distintas opcións de presentación e visualización.
A18	H8 Desenvolver a capacidade e autonomía suficiente para traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, e para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sustentable ambiental, económico, político e social.
A20	CP1. Contrastar a importancia da diversidade metodolóxica existente para a análise da realidade social, política e económica, abordando distintos problemas complexos das sociedades actuais a través de solucións creativas e novas.
A21	CP2. Aplicar os procesos e protocolos de captación de información de forma ética necesarios para observar e analizar de forma correcta e respectuosa a realidade social, política e económica, especialmente en contextos de alta vulnerabilidade ou complexidade.
A23	CP4. Desenvolver a capacidade para aplicar os coñecementos teóricos e metodolóxicos adquiridos á actividade profesional en contornas interdisciplinares.
A30	CP11. Adquirir experiencia na toma de decisións e o traballo en equipo en contextos profesionais interdisciplinares aplicando os resultados da investigación social.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
O alumnado desenvolverá a súa capacidade para aplicar os coñecementos teóricos e prácticos para a elaboración de proxectos de investigación en contextos profesionais de investigación e análise social.		AM10	
		AM13	
		AM20	
		AM21	
		AM23	



O alumnado adquirirá experiencia na toma de decisións e o traballo en equipo en contextos profesionais.	AM18 AM23 AM30		
O alumnado coñecerá o funcionamento de empresas e institucións dedicadas á investigación e a análise da realidade social.	AM9 AM30		
O alumnado reflexionará sobre como se desenvolve a aplicación dos coñecementos adquiridos no máster por profesionais de maior experiencia na realidade.	AM10 AM13 AM14 AM20 AM21		
O alumnado gañará experiencia de adaptación a novas circunstancias no mundo laboral.	AM18 AM20 AM23 AM30		

Contidos	
Temas	Subtemas
Selección de entidades de prácticas	- Convocatoria de prazas e proceso selectivo
Realización das prácticas	- Estadía de prácticas no centro elixido
Memoria de prácticas	- Realización da memoria de prácticas unha vez rematada a estadía de prácticas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A9 A10 A13 A14 A18 A20 A21 A23 A30	125	0	125
Atención personalizada		25	0	25
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Consistirá na realización das prácticas na entidade elixida para tal fin (coa supervisión dun/a titor/a académica e un/a titor/a profesional). As actividades a realizar polo alumnado e as condicións nas que estas se desenvolven estarán recollidas nun Proxecto Formativo redactado ao comezo do período de prácticas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Os traballos tutelados desenvolveranse baixo a supervisión dun/a titor/a académico e un/a titor/a profesional. Consistirá na supervisión do traballo, o deseño dun proxecto e a organización de tutorías e encontros para guiar e resolver dúbidas.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	A9 A10 A13 A14 A18 A20 A21 A23 A30	A avaliación das prácticas consistirá en dúas notas. A primeira, corresponderá á avaliación realizada pola persoa titora profesional das prácticas. Contará o 50% da nota. A segunda, corresponderá á avaliación realizada pola persoa titora académica das prácticas, que contará para o 50% restante.	100
---------------------	---------------------------------------	---	-----

Observacións avaliación

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías